

1ª.- FINALIDADE: Convócase a XIX Edición do Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís.

O Concello de Carballo, atendendo á proposta expresada pola Comisión Organizadora da Homenaxe a Xosé Manuel Eirís, integrada por representantes de trinta asociacións culturais de Carballo, acordou en sesión plenaria do 5 de maio de 1997 a creación do Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís, que se celebra con carácter anual desde o ano 1997. Con este Certame o Concello de Carballo quere contribuír á creación artística e a fomentar a divulgación da fotografía.

2ª.- DENOMINACIÓN: A denominación de Xosé Manuel Eirís para este Certame Fotográfico provén do recoñecemento que o Concello de Carballo e as entidades culturais do municipio queren render a unha persoa vinculada ao mundo cultural e artístico de Carballo e de Galicia, preocupada pola recuperación e promoción do noso patrimonio cultural e pola participación da cidadanía neste proceso de desenvolvemento.

Esta iniciativa pretende perpetuar o recordo do que foi animador cultural de Carballo a través dunha das súas afeccións, a fotografía.

En cada edición o Concello de Carballo convida a unha asociación do municipio a formar parte do xurado e a colaborar na súa organización.

3ª.- NÚMERO DE OBRAS E TEMA: Poderán optar ao Certame todas as persoas físicas que o soliciten e cumpran co establecido nas bases do Certame. Cada autor ou autora poderá presentar un **número máximo de tres** obras. As fotografías realizaranse en **branco e negro ou cor**, natural ou manipulada, e o tema das obras é libre.

O feito de participar presupón que os/as autores/as están en posesión do Copyright e, en consecuencia, ostentan en exclusividade os dereitos de autoría e imaxe, polo que queda eximida a organización do Certame de calquera conflito de publicación ou utilización das obras presentadas e dos que puidera derivarse.

Os traballos fotográficos que se presenten ao Certame deberán ser orixinais, inéditos e recentes.

As fotografías non poderán ter sido presentadas con anterioridade a este concurso nin ter gañado ningún premio noutros concursos ou certames.

Non poderán participar en ningunha das modalidades do Certame os/as concursantes que obtiveran o Primeiro Premio nas dúas últimas edicións deste, e non poderán concursar no Premio Especial Carballo aqueles/as que o gañasen nas dúas últimas edicións.

4ª.- FORMATO: As dimensións da obra fotográfica estarán comprendidas entre **25 x 35 cm** como mínimo e **40 x 50 cm** como máximo. Presentaranse montadas sobre **cartón pluma** ou soporte similar **ríxido** (**cun grosor mínimo de 3 mm**).

Cada fotografía deberá vir acompañada ou ben do negativo ou ben do soporte informático en formato JPEG ou TIFF da obra presentada.

5ª.- PREMIOS: A dotación total dos premios é de 3.050 €. Establécense os seguintes premios:

- **Primeiro premio:** 1.500 € e diploma.
- **Segundo premio:** 750 € e diploma, **patrocinado pola Fundación Luis Calvo Sanz.**

- **“Premio Especial Carballo”** á mellor fotografía que faga referencia directa ao **municipio de Carballo** en calquera dos seus aspectos: 500 € e diploma. As obras presentadas ao Premio Especial Carballo tamén optarán ao resto de premios.

O xurado poderá conceder accésits por un importe total de 300€. Ás contías de cada premio aplicárselle a retención fiscal correspondente. Cada obra non poderá obter máis dun premio.

6ª.- FORMA DE PRESENTACIÓN: As obras presentadas ao Certame deberán gardar o anonimato do seu autor ou autora, e presentaranse sen sinatura e baixo un lema ou pseudónimo identificativo.

Pola parte traseira do soporte da fotografía, figurará o pseudónimo do/a autor/a, o título da obra, as indicacións do lugar onde foi tomada, a data na que se realizou e as técnicas empregadas e, se o/a autor/a o considera preciso, indicará a verticalidade ou horizontalidade da imaxe fotográfica.

É imprescindible que as obras que queiran optar ao **Premio Especial Carballo** o indiquen na parte traseira do soporte. Cada fotografía deberá ir acompañada dun sobre pechado que se pegará na súa parte traseira. Na parte externa do sobre figurará o nome da fotografía e o pseudónimo empregado. No seu interior conterá a seguinte documentación:

- 1.- Fotocopia do DNI do/a autor/a.
- 2.- Solicitud de participación na que conste:
 - Pseudónimo empregado, título e lugar e data da toma da/s fotografía/as.
 - Datos persoais do/a autor/a: nome completo, enderezo válido para os efectos de recibir notificacións, teléfono, fax, enderezo electrónico, etc.
 - Declaración asinada para aceptar expresamente as bases e condicións do Certame, garantindo que a obra non se atopa pendente de resolución de ningún outro Certame e que o autor/a ten, directa ou indirectamente, a libre disposición de todos os dereitos de explotación nas súas diferentes modalidades sobre a obra. Ademais, farase constar que o traballo non se publicou, expuxo ou se difundiu de algún modo (incluído Internet) e realizarase unha declaración responsable de non ter obrigas por reintegro de subvencións, e de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7ª.- LUGAR E PROCEDIMENTO PARA A ENTREGA:

Os traballos poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Carballo, no Rexistro auxiliar de Cultura ou por correo certificado en sobre pechado no que deberá presentarse toda a documentación citada na base anterior, facendo constar no **remite** o **pseudónimo** empregado e na parte dianteira do sobre:

XIX CERTAME FOTOGRÁFICO XOSÉ MANUEL EIRÍS

Concello de Carballo

Pazo da Cultura - Rúa do Pan, s/n - 15100 Carballo (A Coruña)

8ª.- PRAZO DE PRESENTACIÓN: O prazo de presentación dos traballos comezará ao día seguinte da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e finalizará o **8 de marzo de 2017**.

9ª.- XURADO: A presidencia do xurado será asumida polo alcalde do Concello de Carballo ou persoa en quien delegue. A composición do xurado, que non se fará pública ata o día da resolución, contará coa presenza de persoas vinculadas ao eido da fotografía e da imaxe, dun representante das asociacións culturais de Carballo e un ou máis representantes do Concello de Carballo.

Ao xurado corresponderá deliberar, estimar e valorar os traballos presentados. A súa decisión será inapelable e adoptarase por maioría simple de entre os seus membros. Poderá declarar deserto algún premio ou todos eles así como conceder libremente un ou máis accésits.

O xurado do certame terá a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases con absoluta autoridade.

10ª.- DEREITOS DE AUTORÍA: As fotografías premiadas quedarán en propiedade do Concello de Carballo e os/as autores/as ceden a este os dereitos de comunicación pública de forma indefinida. Neste sentido, os/as autores/as renuncian, a favor do Concello de Carballo, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autoría.

A Fundación Luis Calvo Sanz poderá empregar as imaxes gañadoras en actividades sen fins comerciais nin económicos para a difusión da súa colaboración co Certame, facendo constar os/as autores/as das obras e que son fotografías gañadoras do XIX Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís, organizado polo Concello de Carballo.

A participación no Certame supón a total e plena aceptación destas bases. O/a autor/a autoriza a exhibición e publicación das obras en exposicións ou publicacións relacionadas con este Certame.

11ª.- EXPOSICIÓN E DEVOLUCIÓN DE OBRAS: O Concello de Carballo poderá expoñer os traballos presentados no prazo de catro meses desde a data de resolución do xurado. Transcorridos estes, o/a autor/a poderá solicitar a súa devolución e recoller as súas obras posteriormente. Os traballos que non sexan recollidos pasados tres meses desde o remate da exposición poderán pasar a formar parte dos fondos do Concello de Carballo e ser exhibidos en actividades organizadas por esta institución ou poderán ser destruídos. O Concello de Carballo declina calquera responsabilidade por subtraccións, perdas ou deterioros que poidan sufrir as obras, áinda que velará pola boa conservación destas.

12ª.- RESOLUCIÓN E ENTREGA DE PREMIOS: A decisión do xurado farase pública no prazo máximo de tres meses desde o remate do prazo de entrega das obras. Os/as autores/as premiados/as comprométense a estar presentes no acto de entrega de premios que se comunicará cunha antelación mínima de 7 días.

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO XIX CERTAME FOTOGRÁFICO XOSÉ MANUEL EIRÍS

Nome e Apellidos

NIF C.P.

Enderezo

Localidade Provincia

Teléfonos

Correo Electrónico

Solicito participar no XIX Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís baixo o pseudónimo:

e presento as obras da miña autoría:

Acepto as bases e condicións do Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís, e garanto que as obras non se atopan pendentes de resolución de ningún outro Certame e que dispongo de todos os dereitos de explotación nas súas diferentes modalidades.

Ademais, fago constar que o traballo non se publicou, expuxo ou se difundiou de ningún modo, e declaro expresamente non ter pendentes obrigas por reintegro de subvencións, e que me atopo ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

En, a de de 2017

Asdo.:
DNI:

Peche de prazo de presentación 8 de marzo de 2017
Imprescindible anexar esta solicitud coas obras, asinada e en sobre pechado.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO

XIX CERTAME FOTOGRÁFICO XOSÉ MANUEL EIRÍS

ORGANIZA	Concello de Carballo
----------	----------------------

OBRAS	<p>Tema libre Branco/negro ou color Formato: - mínimo: 25x35 - máximo: 40x50 Montaxe: Sobre cartón pluma ou soporte similar ríxido</p>
-------	--

PREMIOS	<p>1º premio: 1.500 € 2º premio: 750 € Patrocinado pola Fundación Luis Calvo Sanz Premio Especial Carballo: 500 € Accésit: 300 €</p>
---------	--

PRAZO DE ADMISIÓN DE OBRAS	Ata o 8 de marzo de 2017
----------------------------	--------------------------

LUGAR DE PRESENTACIÓN	Concello de Carballo Pazo da Cultura Correo Certificado
-----------------------	---

MÁS INFORMACIÓN	Concellaría de Cultura Pazo da Cultura T 981 704 300 www.carballo.gal
-----------------	--



XIX

Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís

Colabora:

Fundación

Luis Calvo Sanz

Organiza:

